



# Concello de Vimianzo

C  
O  
P  
I  
A  
  
P  
  
Ú  
B  
L  
I  
C  
A

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 24/11/2012

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e catro de novembro de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

- D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
- D. Fernando Mancebo Amigo
- D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey
- D. José Antonio Miñones Riveiro
- D. José Manuel Rodríguez Blanco
- D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones
- D. Manuel Soto Pérez
- D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez
- D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé
- D. Pablo López Vázquez
- D. Juan Carlos Amado Sambade

Ausentes:

- D. Anselmo Ramos Martínez
- D. José Manuel Perez Trillo

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García  
Interventora: D.<sup>a</sup> Gema Leal Insua

Antes do comezo da sesión, o Sr. Alcalde excusa a ausencia do concelleiro do BNG D. Anselmo Ramos Martínez, por motivos persoais. Pregunta se alguén máis quere excusar a ausencia de concelleiros do seu grupo.

O Sr. López Vázquez di que o concelleiro do PP, Sr. Pérez Trillo, probablemente se incorpore durante a sesión.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### 1. Aprobación dos borradores das actas das sesións extraordinaria do 26 de setembro e ordinaria do 29 de setembro de 2012.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

O Sr. Miñones Riveiro di que non teñen observacións e vanas aprobar a pesares de que hai algún erro de transcripción.

O Sr. Soto Pérez di que non participou nunha das sesións. Quere que quede constancia que os membros da oposición non participaron na votación do primeiro punto da sesión extraordinaria do 26/09/2012.

O Sr. López Vázquez di que non ten observacións.

Quedan aprobadas as actas da sesión extraordinaria do 26 de setembro e ordinaria do 29 de setembro de 2012 ao non formularse observacións.

C

O 2. Modificación do acordo plenario do 26/09/2012 de aprobación dos proxectos de obras e solicitude de inclusión deste concello no Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos.

P De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Medio Ambiente e Sostibilidade, de data 20 de novembro de 2012:

I Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor (BNG), tres votos en contra (PSOE, IxV e PP) e ningunha abstención, ditamina desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

A "(...) PRIMEIRO.- Participar no "Plan DTC 94: unha Deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e suministros:

| Denominación                                                                                                                | Orzamento total   | Achega municipal | Achega provincial |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------------|-------------------|
| Melloras no contorno da casa de cultura de Baiñas                                                                           | 32.426,39         | 0                | 32.426,39         |
| Actuacións no patrimonio municipal en Tines e Vimianzo                                                                      | 37.437,4          | 0                | 37.437,4          |
| Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Salto                                                         | 35.320,37         | 0                | 35.320,37         |
| Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Baiñas e Serramo                                                       | 32.950,49         | 0                | 32.950,49         |
| Melloras de vías rurais municipais nas parroquias de Cereixo, Vimianzo, Cambeda, Salto, Tines e Castrelo                    | 37.858,01         | 0                | 37.858,01         |
| Actuacións no patrimonio municipal en Vimianzo e Baiñas                                                                     | 47.932            | 0                | 47.932            |
| Proxecto de reparación e mellora de firme, bordos, beirarrúas e cunetas da estrada municipal entre Tines e Quintáns (Treos) | 102.915           | 0                | 102.915           |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                | <b>326.839,66</b> | <b>0</b>         | <b>326.839,66</b> |

I Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

SEGUNDO.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

C TERCEIRO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

A CUARTO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."



# Concello de Vimianzo

C

O

P

I

A

Aberto o turno de intervencións, o alcalde di que acaban de aprobar a acta da sesión na que se aprobaron estas obras, e explica que houbo que facer modificacións aos proxectos aprobados nesa sesión, e fíxose por resolución da Alcaldía para axilizar os trámites e mandalo canto antes á Deputación, e agora hai que ratificar esa solicitude. Sinala que onte a Deputación aprobou en pleno as obras do concello de Vimianzo, polo tanto ninguén pode dicir que teñan deficiencias. Di que onte tanto PSOE coma PP aprobaron na Deputación as obras do concello de Vimianzo. Pide sentido común e supón que tanto PSOE coma PP as aprobarán hoxe no pleno. Ninguén entendería que hoxe votaran en contra das obras. Di que hoxe nos xornais aparece a relación de obras aprobadas no DTC pola Deputación. Destaca que só dous concellos da comarca, entre eles Vimianzo, destinan todo o importe do DTC para obras. Fai referencia ás declaracións do concelleiro socialista Sr. Rodríguez Blanco, nas que di que os concelleiros foran leais e aprobaron as obras coa súa abstención no pleno do 26 de setembro. O alcalde entende que agora tamén serán leais. Dalle a palabra ao resto de voceiros municipais.

O Sr. Miñones Riveiro di que vai falar o seu compañeiro, que foi o que estivo na comisión informativa.

O Sr. Rodríguez Blanco di que eles son concelleiros, non deputados provinciais, que cobran bastante ben. Di que seguramente eses deputados teñen outra talla política que non ten o alcalde, que outra vez ten que reunir á xente para contarlle mentiras. Di que o PSOE no anterior mandato tiña catro concelleiros pero sacaron adiante orzamentos, comprar unha finca e facer o centro sociocultural en Bañas, etc., negociando coa oposición. Acusa ao alcalde de incompetencia para negociar. Di que o alcalde trae as cousas no último minuto para que a

P

oposición lle quite as castañas no lume. Anuncia o voto en contra do seu grupo. Di que no anterior pleno o alcalde aproveitou un lapsus da oposición para conseguir sacar o acordo adiante.

Ú

O voceiro de IxV afirma que as obras do alcalde duraron sesenta e nove quilómetros. Di que el xa avisou de que a obra do tramo Tines-Treos non estaba ben, no anterior pleno, e así consta na acta. Di que o proxecto que se fixo agora tamén ten deficiencias, como avisou na comisión ao propio técnico redactor. Di que o alcalde non ten palabra: no pleno anterior prometeu sendas en Roalo e Tufiós, e na comisión esta semana xa dixo que non podía ser. Di que cando veu rexeitado o alcalde pudo comunicarllo á oposición. Repite as deficiencias dos proxectos actuais. Afirma que preside un goberno dañino e debe dimitir. Afirma que o seu grupo vai votar en contra.

B

O voceiro do PP cre que as cousas están quedando bastante claras. O alcalde está amenazando poñendo por medio os partidos. Sinala que van votar en contra porque o alcalde non ten talante negociador e non conta coa oposición para nada.

L

O voceiro do BNG di que lle parece estar soñando, pensaba que os ían felicitar en lugar de votar en contra. Di que este goberno é o mellor da historia de Vimianzo e así o acreditan as cifras. Lembra que hai un ano tiveron que aprobar un plan económico-financeiro para pagarlle ao pai da Sra. Mónica. Aprobáron uns orzamentos sometidos a unha cuestión de confianza e na actualidade, tan só un ano despois, este concello a trinta de outubro ten todas as súas facturas pagas, agás a do avogado do monte Milleira. A austeridade deste ano ven motivada polos "pufos" que veñen de atrás. Afirma que están ao corrente de pago cos provedores, que así o di Intervención.

I

C

O alcalde interrompe para pedir ao público que apague os móbiles e aos membros da oposición que sexan respetuosos e, se non queren escoitar, polo menos deixen falar ao voceiro do BNG.

A

O Sr. Mancebo continúa expoñendo a situación económica do concello: fai referencia á situación herdada e á necesidade de reducir gastos, por exemplo no capítulo un.

O alcalde interrompe novamente para advertir ao Sr. Amado Sambade que desista da súa actitude de boicot e deixe de interrompir, se non vai ter que expulsalo.

Continúa o Sr. Mancebo facendo alusión ao modelo de xestión da oposición: di que en Trazo a empresa do cuñado do Sr. Soto e do pai da Sra. Rodríguez Ordóñez levou máis de trescentos mil euros. Afirma que os voceiros do PP e IxV atribúense unha representación que non teñen, posto que eles non foron os cabezas de lista das municipais. O mesmo opina do PSOE, posto que

C

sempre fala na prensa o número dous. Aconséllalles que se presenten nas vindeiras eleccións nunha candidatura conxunta, aínda que non lle augura moito éxito. Non sabe a que se refire o Sr. Rodríguez cando pide negociación.

O

O Sr. Rodríguez Blanco interrompe.

O Sr. Alcalde chámalle a atención dúas veces, advertíndolle que á terceira bótao fora.

P

O Sr. Mancebo Amigo di que non lle merece respecto quen nin siquiera paga os seus impostos.

Pide a palabra o Sr. Rodríguez Blanco. Pregunta quen asina ese informe de intervención ao que se refire o voceiro do BNG.

I

O alcalde contesta que asina a interventora.

Pregunta o Sr. Rodríguez Blanco cando poden ver as facturas pagadas e as pendentes de pago.

O alcalde di que poden velas sen problemas.

O Sr. Rodríguez Blanco afirma que paga os seus impostos, a pesares das subas do IBI que fixo o BNG, machacando aos veciños.

A

O voceiro de IxV di que falan doutros temas para non abordar este. Suxire, para disminuir a partida de persoal, que empece pola secretaria do alcalde. Sinala que a súa compañeira foi ver as facturas e non estaban pagas. Denuncia que se contratou como mecánico ao fillo dun que foi nas listas do BNG. Di que o alcalde non ten credibilidade. Afirma que non hai milagres e por tanto a situación económica non debía ser tan mala coma a pinta o goberno. Cinguíndose ao tema, considera que o alcalde non dou ningún argumento para que cambien o seu voto.

O Sr. López Vázquez responde ao Sr. Mancebo que el é tan lexítimo na súa parroquia coma o Sr. Mancebo na súa.

P

O voceiro do BNG dílle ao do PP que sabe perfectamente a que se refire, e se non votan as obras que xa foron aprobadas pola Deputación, eles saberán. Responde ao voceiro de IxV que o concello tiña débedas e agora paga ao día, o que non supón que se eliminarán os préstamos que xa estaban concertados. Aporta datos sobre a diminución de gasto en material eléctrico no 2012 respecto do 2011. Desminte que houbera unha suba de impostos e afirma que o IBI subiu por mandato do goberno central, como ben saben todos. Outra cousa é que se regularizaran as situacións de vivendas de máis de 20 anos que non pagaban o IBI.

U

O alcalde intervén para pechar o debate. Afirma que hai quen non paga IBI nin a auga, asunto que están a investigar. Di que os orzamentos do 2011 eran os prorrogados do 2010, situación que se vai repetir este ano porque o goberno non conta cos apoios necesarios para aprobalos. Acusa ao Sr. Rodríguez de mentir conscientemente respecto do IBI, posto que os ingresos extraordinarios do IBI que se acaban de recibir son de inmobles que non estaban dados de alta, cunha antigüidade de vinte anos, dos que só vai pagar os últimos catro. Acusa ao goberno anterior de solicitar unha revisión dos valores catastrais, tal como recollen as actas. Lembra que o BNG votou a favor da obra da casa de cultura de Bañías, a pesar de non estaren dacordo co proxecto e que o Sr. Rodríguez Blanco non negociara con eles. Considera unha soberbia dicirlle que non a unha inversión de máis de trescentos mil euros.

B

Continúa o alcalde coa súa intervención, esta vez dirixíndose ao voceiro de IxV, ao que califica de camaleónico. Di que é certo que dixo o alcalde que para o POS ían ir as obras de Roalo e Tufiños, e tamén que xa lle dixo na comisión que a Deputación non as financia por non seren de titularidade municipal, pero que tiña pedida unha reunión co presidente da Deputación para estudar un convenio e financiar iso. Pídelle ao PP que axilicen esta reunión, e non lle importaría ir acompañado dos portavoces.

L

I

C

A

O voceiro do PP comprométese a facelo.

O alcalde recolle o compromiso e pide que o axilice. Di que no anterior pleno o portavoz de IxV quixo chegar a un acordo con el, e sufriu porque non lle deixaron facelo. Di que os motivos que ofrece o Sr. Soto para non aprobar os proxectos sabe que son falsos, porque os proxectos xa teñen o visto bo da Deputación. Sabe que lle vai dar vergoña ir polo pobo despois de rexeitar as obras. Afirma que eses cartos do DTC van quedar en Vimianzo. Considera que o goberno actuou con rapidez e fixo as cousas ben, por eso se aprobaron onte os proxectos no pleno da Deputación. Di que o informe ao que fixo referencia o Sr. Mancebo ten tódalas garantías, porque



# Concello de Vimianzo

**C**  
**O**  
**P**  
**I** está asinado pola interventora. Non considera raro que o concello contrate xente que foi nas listas, posto que está contratada a sobriña do Sr. Soto, contratouse a xente que foi nas listas do PSOE ou IxV, cousa que antes non pasaba. Non critica a labor do persoal municipal que ten grado de parentesco cos concelleiros. Anima ao Sr. Soto a consultar a web municipal e ver no perfil do contratante a quen se lle están adxudicando as obras: a empresarios de Vimianzo que nunca antes contrataran co concello. Anuncia que van seguir con esta política.

Conclúe o Sr. Alcalde pedindo que a oposición sexa consecvente e dea a súa palabra agora que xa están resoltas as dúbidas respecto da adecuación dos proxectos ás bases do DTC. Volve a ler as declaracións do concelleiro socialista Sr. Rodríguez Blanco en La Voz de Galicia. Comprométese ao diálogo, como quedou probado na comisión de obras desta semana abrindo as negociacións para as obras do POS 2013.

**A** Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por tres votos a favor do BNG, oito votos en contra de PSOE, IxV e PP, e ningunha abstención, rexeita a proposta.

O alcalde declara que o pleno acaba de tirar pola borda coa inversión concedida no día de onte pola Deputación.

**3. Anulación do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 26 de maio de 2012.**

**P** De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Medio Ambiente e Sostibilidade, de data 20 de novembro de 2012:

**Ú** Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor (BNG), tres votos en contra (PSOE, IxV e PP) e ningunha abstención, ditamina desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

**B**  
**D**  
**L** Primeiro.- Atendendo ao requirimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, asinado o 11 de outubro de 2012 pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e recibido o 16/10/2012 (RE 7619), e de conformidade co disposto nos artigos 65 da Lei 7/1985, 217 da Lei 5/1997 e 215 do RD 2586/1986, declárase a nulidade do estudo de detalle para o sinalamento de aliñacións e volumes en Baíñas, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vimianzo o 26 de maio de 2012.

Os fundamentos xurídicos da anulación son os expresados no requirimento da Consellería, que se transcriben literalmente a continuación:

**I** "(...) **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

Analizada a documentación remitida polo Concello de Vimianzo, cómpre formular as seguintes consideracións:

- C**  
**A**
1. *Nos exemplares remitidos non figura na súa parte escrita, agás a portada, a dilixencia facendo constar a súa aprobación definitiva, que é preceptiva conforme ao artigo 92.3 da LOUG, nin outro selo nin dilixencia municipal.*
  2. *O estudo de detalle non se refire a un quinteiro ou unidade urbana equivalente, senón só a una única parcela. Isto, ademais de ser unha infracción do artigo 73.1 da LOUG, impide integrar axeitadamente a ordenación proposta no estudo de detalle, que altera a posición das medianeiras da edificación permitida na parcela, coa das parcelas colindantes, non afectadas por el.*
  3. *O Estudo de detalle incumpreos seguintes parámetros da ordenanza URLI:*

*Usos principal e permitidos: o estudo de detalle xustifica a modificación dos volumen edificables con base na consideración de que se trata dunha vivenda*

C

O

P

I

A

*unifamiliar, uso non previsto entre o principal e os permitidos na ordenanza URLI, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.h) da LOUG.*

*Recuados: a ordenanza remite ao plano de rede viaria para a súa fixación, plano no que non se sinala recuado ningún para o ámbito, en coherencia coa tipoloxía de edificación entre medianeiras prescrita nela, mentres que o estudo de detalle prevé recuados en parte da fronte de edificación na extrema coa parcela colindante; vulnérase así o disposto no artigo 73.2.g) da LOUG.*

*Profundidade máxima edificable: é de 18 m na ordenanza URLI, cando no proxecto acada todo o fondo da ordenanza URLI, uns 32 m, aumentando así a ocupación do solo en plantas altas, vulnerando así o disposto no artigo 73.2.e) da LOUG.*

*Por último, o estudo de detalle establece unha ordenanza específica para a parcela que altera as ordenanzas URLI e URFI para ela, o que está prohibido polo artigo 73.2.h) da LOUG.*

A pretendida harmonización cun contorno de vivenda unifamiliar non pode realizarse mediante estudo de detalle alterando as determinacións do planeamento xeral que desenvolve, sendo materia propia dunha modificación deste.

En consecuencia, o estudo de detalle, máis alá das cuestións documentais relativas ao seu dilixenciado, incumpre a normativa no sinalado nos puntos 2) e 3) anteriores."

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados, D.<sup>a</sup> Milagros Lobelos Casal e D. Carlos Manuel Vidal Redondo.

P

Terceiro.- Comunicar o presente acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo."

Ú

Aberto o turno de intervencións, o alcalde explica que se tramitou a aprobación dun estudo de detalle a instancia duns particulares, nunha zona na que se permite edificar entre medianeiras, para facer unha vivenda unifamiliar. O expediente tramitouse de conformidade coa normativa urbanística e foi aprobado definitivamente polo pleno cos informes favorables dos técnicos e remitiuse á Xunta. Agora a Xunta, que é quen vela pola legalidade urbanística en último termo,

B

require ao concello a súa anulación. Considera que, segundo o informe de Secretaría, debe atenderse dito requirimento. Non se trata de que haxa vontade ou non de que alguén faga unha casa, senón de que a Xunta considera que o procedemento non é o axeitado.

L

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta se vai vir o arquitecto ao pleno, porque a súa presenza é importante. Pide dar lectura á acta da comisión informativa, na que o técnico dou uns argumentos que eles van apoiar, e ao escrito de alegacións dos solicitantes. Critica a actuación do alcalde en Bañiñas o pasado mércores, reunindo a uns vinte veciños e non invitando aos promotores. Di que é mentira que a solicitante non recibira á concelleira D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Xosé Ramos. Critica tamén que o alcalde eluda as súas responsabilidades neste expediente. Afirmo que nesa zona a ordenanza obriga a edificar ata a medianeira, cando moitas casas na zona non cumpren, polo tanto é normal que o propietario pida isto, tal e como se lle mandou dende o concello. Sinala que os solicitantes piden responsabilidade patrimonial ao concello porque fixo o que lle mandou o técnico municipal. Indica que ese proxecto igual costou uns oito mil euros, pagaron os anuncios, as taxas da licenza, e teñen a obra adxudicada. Fala dunha inversión duns catrocentos mil euros. Afirmo que hai informes do arquitecto e do secretario anterior que avalan o expediente, polo tanto hai que tratar de solucionarlle o problema. Di que o alcalde amenazou á solicitante na reunión do mércores, actitude que non considera correcta. Afirmo que o alcalde sabe perfectamente que non se van perder as obras do DTC.

I

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta se vai vir o arquitecto ao pleno, porque a súa presenza é importante. Pide dar lectura á acta da comisión informativa, na que o técnico dou uns argumentos que eles van apoiar, e ao escrito de alegacións dos solicitantes. Critica a actuación do alcalde en Bañiñas o pasado mércores, reunindo a uns vinte veciños e non invitando aos promotores. Di que é mentira que a solicitante non recibira á concelleira D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Xosé Ramos. Critica tamén que o alcalde eluda as súas responsabilidades neste expediente. Afirmo que nesa zona a ordenanza obriga a edificar ata a medianeira, cando moitas casas na zona non cumpren, polo tanto é normal que o propietario pida isto, tal e como se lle mandou dende o concello. Sinala que os solicitantes piden responsabilidade patrimonial ao concello porque fixo o que lle mandou o técnico municipal. Indica que ese proxecto igual costou uns oito mil euros, pagaron os anuncios, as taxas da licenza, e teñen a obra adxudicada. Fala dunha inversión duns catrocentos mil euros. Afirmo que hai informes do arquitecto e do secretario anterior que avalan o expediente, polo tanto hai que tratar de solucionarlle o problema. Di que o alcalde amenazou á solicitante na reunión do mércores, actitude que non considera correcta. Afirmo que o alcalde sabe perfectamente que non se van perder as obras do DTC.

C

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta se vai vir o arquitecto ao pleno, porque a súa presenza é importante. Pide dar lectura á acta da comisión informativa, na que o técnico dou uns argumentos que eles van apoiar, e ao escrito de alegacións dos solicitantes. Critica a actuación do alcalde en Bañiñas o pasado mércores, reunindo a uns vinte veciños e non invitando aos promotores. Di que é mentira que a solicitante non recibira á concelleira D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Xosé Ramos. Critica tamén que o alcalde eluda as súas responsabilidades neste expediente. Afirmo que nesa zona a ordenanza obriga a edificar ata a medianeira, cando moitas casas na zona non cumpren, polo tanto é normal que o propietario pida isto, tal e como se lle mandou dende o concello. Sinala que os solicitantes piden responsabilidade patrimonial ao concello porque fixo o que lle mandou o técnico municipal. Indica que ese proxecto igual costou uns oito mil euros, pagaron os anuncios, as taxas da licenza, e teñen a obra adxudicada. Fala dunha inversión duns catrocentos mil euros. Afirmo que hai informes do arquitecto e do secretario anterior que avalan o expediente, polo tanto hai que tratar de solucionarlle o problema. Di que o alcalde amenazou á solicitante na reunión do mércores, actitude que non considera correcta. Afirmo que o alcalde sabe perfectamente que non se van perder as obras do DTC.

A

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta se vai vir o arquitecto ao pleno, porque a súa presenza é importante. Pide dar lectura á acta da comisión informativa, na que o técnico dou uns argumentos que eles van apoiar, e ao escrito de alegacións dos solicitantes. Critica a actuación do alcalde en Bañiñas o pasado mércores, reunindo a uns vinte veciños e non invitando aos promotores. Di que é mentira que a solicitante non recibira á concelleira D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Xosé Ramos. Critica tamén que o alcalde eluda as súas responsabilidades neste expediente. Afirmo que nesa zona a ordenanza obriga a edificar ata a medianeira, cando moitas casas na zona non cumpren, polo tanto é normal que o propietario pida isto, tal e como se lle mandou dende o concello. Sinala que os solicitantes piden responsabilidade patrimonial ao concello porque fixo o que lle mandou o técnico municipal. Indica que ese proxecto igual costou uns oito mil euros, pagaron os anuncios, as taxas da licenza, e teñen a obra adxudicada. Fala dunha inversión duns catrocentos mil euros. Afirmo que hai informes do arquitecto e do secretario anterior que avalan o expediente, polo tanto hai que tratar de solucionarlle o problema. Di que o alcalde amenazou á solicitante na reunión do mércores, actitude que non considera correcta. Afirmo que o alcalde sabe perfectamente que non se van perder as obras do DTC.

O Sr. Rodríguez Blanco pregunta se vai vir o arquitecto ao pleno, porque a súa presenza é importante. Pide dar lectura á acta da comisión informativa, na que o técnico dou uns argumentos que eles van apoiar, e ao escrito de alegacións dos solicitantes. Critica a actuación do alcalde en Bañiñas o pasado mércores, reunindo a uns vinte veciños e non invitando aos promotores. Di que é mentira que a solicitante non recibira á concelleira D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Xosé Ramos. Critica tamén que o alcalde eluda as súas responsabilidades neste expediente. Afirmo que nesa zona a ordenanza obriga a edificar ata a medianeira, cando moitas casas na zona non cumpren, polo tanto é normal que o propietario pida isto, tal e como se lle mandou dende o concello. Sinala que os solicitantes piden responsabilidade patrimonial ao concello porque fixo o que lle mandou o técnico municipal. Indica que ese proxecto igual costou uns oito mil euros, pagaron os anuncios, as taxas da licenza, e teñen a obra adxudicada. Fala dunha inversión duns catrocentos mil euros. Afirmo que hai informes do arquitecto e do secretario anterior que avalan o expediente, polo tanto hai que tratar de solucionarlle o problema. Di que o alcalde amenazou á solicitante na reunión do mércores, actitude que non considera correcta. Afirmo que o alcalde sabe perfectamente que non se van perder as obras do DTC.

O alcalde pide que se cinga a este punto.

O Sr. Rodríguez Blanco anuncia que o se grupo vai votar en contra. Repite que os promotores do estudo de detalle fixeron o que lle mandou o arquitecto municipal, ao que el considera moi competente.



# Concello de Vimianzo

C

O voceiro de IxV le a parte da acta na que se recolle a súa intervención respecto da aprobación definitiva do estudo de detalle. Di que o acordo tomado polo pleno tomouse con informes técnico e xurídico sobre a mesa. Entende que debe constar o informe do arquitecto municipal -que a día de hoxe non consta no expediente por escrito- antes de anular o acordo. Bota en falla ao arquitecto municipal na sesión. Non quere que os veciños pensen que o concello é unha tómbola. Se a esa xente se lle dou viabilidade, fora quen fora, agora hai que responder. Pide que informe o arquitecto municipal. Se a solución precisa dunha modificación, entón haberá que facela se as cousas non están ben. Di que fora da LOUG hai vida normativa e se cadra hai regulamentos que hai que ter en conta. Se o técnico municipal informa en contra, entón IxV estaría dacordo en tramitar a modificación que sexa necesaria.

O

P

I

A

O voceiro do PP di que hai que solucionar este tema, e considera que sen informe do arquitecto municipal non van votar a favor da anulación do estudo de detalle.

O Sr. Mancebo Amigo, voceiro do BNG, di que este é un problema dun particular que cando comprou a finca sabía perfectamente o que podía construír. Afirma que isto non é un capricho deste goberno, é a Xunta a que require a anulación. Sinala que falou con tres técnicos e todos lle dixeron que un estudo de detalle non é a figura axeitada para isto. Afirma que se non se pode modificar as Normas Subsidiarias cun estudo de detalle non hai máis discusións. Opina que quizais o arquitecto municipal non está moi centrada nos últimos tempos, con tantas presións polo proceso penal da Casa de Cultura e outros temas. Manifesta que non poden modificarse as Normas Subsidiarias para favorecer a unha persoa en perxuízo de tódolos veciños. Eso foi o que lle explicaron á xente o outro día en Baíñas.

P

O alcalde concede outra quenda de intervencións.

O Sr. Rodríguez Blanco di que o resto das vivendas non cumpren a ordenanza, polo tanto haberá que darlle solución.

Ú

O Sr. Soto Pérez reitera que el xa dixo que o instrumento non era o axeitado. Parécelle de cobardes que tan pronto como lles din algo fuxan. Afirma que o técnico é o que máis sabe deste asunto no concello, polo tanto ata que emita informe non poden avalar ningún tipo de decisión. Existe un risco de reclamación patrimonial e polo tanto hai que estudalo.

B

O Sr. López Vázquez di que agarda que se incorpore ao expediente o informe do arquitecto municipal.

L

O alcalde aclara varias cuestións: pregunta que máis informe queren que o requirimento da Xunta -que xa están fora de prazo para atender- e o informe de Secretaría. Déronlle traslado aos promotores, que non discuten os argumentos da Xunta. Considera que hai informes suficientes para resolver. Non entende porque o Sr. Rodríguez di "fomos nós os que lle aconsellamos".

I

Afirma que os concelleiros non aconsellan, senón que adoptan acordos en base a informes dos funcionarios. Recoñece que dixo que non vai modificar unhas normas para beneficiar a unha persoa, outra cousa é que todos queiran, daquela si o vai facer. Considera normal que pidan responsabilidade patrimonial, como farán outros que obtiveron licenzas e anuláronllas os tribunais. Di que os técnicos son moi estrictos cos informes porque saben que teñen responsabilidade cando os emiten. Considera que os concelleiros non teñen responsabilidade cando adoptan un acordo de conformidade cos informes, si cando adoptan un acordo con informes desfavorables. Gustaríalle saber que información manexa o Sr. Rodríguez cando afirma que o concello asesorou. Di que hai rumores que que o Sr. Rodríguez estivo nese asesoramento.

C

Manifesta que o goberno non lle dou instrucións a ningún funcionario para que lle ofrecera esa solución, polo tanto quere entender que ninguén lles está asesorando mal. Efectivamente, recoñece que o Sr. Soto dixo que o instrumento non era o axeitado, cos mesmos argumentos da Xunta. Afirma que non lle gusta ter que traer este asunto ao pleno, senón que lle gustaría poder darlle licenza. Di que os informes son clarísimos, e o seu grupo vai votar a favor de que se anule.

A

Na terceira quenda de intervencións, o Sr. Rodríguez califica de "alucinante" que o alcalde culpe aos funcionarios deste problema.

O Sr. Soto Pérez refírese a outro rumor: que o constructor, amigo do Sr. Mancebo, díxolle aos promotores que se cambiaban de arquitecto o problema íase solucionar. Pide que se retire o

C

asunto ata que se incorpore o informe do técnico, ao que califica de especialista nesta materia.

O

Pide que se volva a traer ao pleno con tódolos informes.

O Sr. López Vázquez pide o mesmo.

P

O alcalde di que menos mal que hai actas nas que se recollen as intervencións. Nega que el diga que os asesorou o arquitecto municipal, o que si afirma é que o alcalde non lle pediu que os asesorase. Afirmar que esta é unha cuestión xurídica, e de feito os argumentos da Xunta acaba de dicilos o Sr. Soto. Descoñece as razóns polas cales o arquitecto municipal non emitiu informe, posto que o expediente foille remitido. O alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación.

I

Os voceiros dos grupos da oposición piden que quede sobre a mesa.

O Sr. Alcalde pregunta á secretaria cales son as consecuencias de que quede sobre a mesa.

A secretaria sinala que se estaría desatendendo o requirimento da Xunta, que probablemente impugnaría no contencioso.

A

O alcalde pide que conste en acta que o seu grupo considera que hai informes suficientes para atender ao requirimento da Xunta e proceder á anulación do estudo de detalle, e polo tanto vai votar a favor de anular.

O alcalde pregunta ao Sr. Rodríguez Blanco se ten interese persoal neste asunto, se se vai beneficiar persoalmente neso.

O concelleiro socialista di que ten interes en que se faga, pero non ten interese persoal.

O Sr. Soto pide que conste en acta que IxV pide que quede sobre a mesa porque falta un informe determinante. Pide que se establezan os termos da votación.

P

En cumprimento do disposto no artigo 92.1 do ROF, o alcalde somete a votación a petición da retirada do asunto da orde do día. O Pleno, por oito votos a favor do PSOE, IxV e PP, tres votos en contra do BNG e ningunha abstención, o que supón a maioría simple dos membros presentes, acorda retirar o asunto da orde do día da presente sesión.

Ú

#### **4. Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.**

B

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, de data 20 de novembro de 2012:

L

"(...) A Comisión Informativa de Contas e Facenda, por unanimidade dos seus membros presentes, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

I

Primeiro.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 16, reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, variando a redacción do seu artigo 6º, que quedaría da seguinte maneira:

##### **"Artigo 6º. Bonificacións e deducións.**

C

*Establécese un beneficio fiscal do 40% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa*

A

*solicitud de suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

*Establecese unha bonificación do 90 por cento da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo, e soliciten a súa licenza de construción, instalación ou obra antes do remate do ano 2013. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitud de interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitud deberá*





# Concello de Vimianzo

C

*achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.*

O

*Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade.*

P

I

A

*En todos estes supostos, nos que se establece unha bonificación, indicar que se deducirá da cuota bonificada o importe satisfeito ou por satisfacer en concepto de taxa por outorgamento da licenza urbanística requerida para realizar dita actuación."*

Segundo.- Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no tablón de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

P

Terceiro.- No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."

Ú

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde explica o contido da proposta.

O Sr. Miñones Riveiro di que están dacordo, sempre que sexan construídas no polígono e non noutro sitio.

B

O Sr. Soto Pérez parécelle ben a prórroga das bonificacións do polígono, e tamén as bonificacións aos gandeiros, que foi iniciativa de IxV. Pide colaboración para que IxV poda presentar unha moción para establecer bonificacións aos inmobles situados naqueles núcleos que non teñen tódolos servizos. Se alguén máis se suma, comprométense a traer o tema ao vindeiro pleno.

L

O voceiro do PP di que eles están dacordo e en principio tamén na proposta dos Independentes.

O voceiro do BNG di que este tipo de bonificacións supoñen un esforzo importante para o concello, pois estamos ante un aforro duns doce ou quince mil euros para unha nave. Di que o fraude evitase esixindo unha serie de requisitos que figuran na ordenanza.

I

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

C

Primeiro.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 16, reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, variando a redacción do seu artigo 6º, que quedaría da seguinte maneira:

A

**"Artigo 6º. Bonificacións e deducións.**

*Establécese un beneficio fiscal do 40% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.*

C

O  
P  
Establecese unha bonificación do 90 por cento da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo, e soliciten a súa licenza de construción, instalación ou obra antes do remate do ano 2013. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.

I  
A  
Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade.

En todos estos supostos, nos que se establece unha bonificación, indicar que se deducirá da cuota bonificada o importe satisfeito ou por satisfacer en concepto de taxa por outorgamento da licenza urbanística requerida para realizar dita actuación.”

P  
Segundo.- Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no tablón de anuncios municipal durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Ú  
B  
Terceiro.- No caso de que non fosen presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

## **5. Modificación da ordenanza reguladora de concesión de subvencións.**

L  
De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, de data 20 de novembro de 2012:

I  
“(…) A Comisión Informativa de Contas, por tres votos a favor do BNG e PSOE e dúas abstencións de IxV e PP, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións, procedendo a variar a redacción dos seguintes artigos;

C

- Modificar o artigo 3, no seu apartado 3º, de xeito que quede redactado do seguinte xeito;

“Artigo 3.-O outorgamento de subvencións suxeitarase ás seguintes normas:

A

1.º.-Terá carácter voluntario e eventual, agás o disposto nesta Ordenanza.

2.º.-As subvencións concedidas non serán invocables como precedente.

3.º.-Non excederán, en ningún caso, do cen por cen do custo da actividade á que se apliquen.



# Concello de Vimianzo

C

4.º.-Non é esixible o aumento ou revisión da subvención.

O

Modificar o artigo 5º referido aos peticionarios, quedando coa seguinte redacción;

P

"Artigo 5.-Poderán solicitar subvencións:

a) As entidades e asociacións sen fins de lucro, domiciliadas no municipio de Vimianzo e tamén asociación ou agrupacións de vimianceses no exterior, **así como outras entidades previstas no artigo 11 da lei xeral de subvencións.**

I

b) As persoas físicas, en representación particular dun grupo para unha iniciativa de carácter esporádico, sen finalidade de lucro.

A

En ámbolos dous casos será requisito imprescindible non ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, así como estar os beneficiarios e mailos seus representantes ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello. "

Modificar o artigo 6º quedando coa seguinte redacción;

"Artigo 6.-Poderán ser obxecto de axuda ou subvención municipal as actividades programadas que teñan lugar durante o ano da súa petición no ámbito territorial do municipio, referentes ás seguintes áreas:

P

a) Deportes: Gastos de organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, preferentemente cando se trate de actos excepcionais, de gran trascendencia ou vinculados ás tradicións locais. Gastos de organización de actividades, incluso compra de material deportivo, para fomento da educación física e da práctica deportiva nos centros escolares.

Ú

b) Cultura: Actividades relacionadas co achegamento á comunidade das artes plásticas, literatura e teatro, música, divulgación das ciencias e demais manifestacións culturais ou artísticas, así como actividades de animación tendentes a fomentar a participación e creatividade e o mantemento das tradicións locais.

B

c) Servicios sociais: Prevención e loita contra as drogodependencias, axudas a situación de emerxencia social e actividades, en xeral, encamiñadas á promoción do benestar social.

L

d)) Fomento e colaboración coa galeguidade de orixe vimiances no exterior

e) **Aquelas outras que se especifiquen nas Bases de Execución do Orzamento "**

I

Modificar o artigo 8º, que queda redactado como segue;

C

Artigo 8.-Nos supostos de actividades que se pretenda financiar con axuda municipal e doutras Administracións ou organismos públicos, a contía da suma da subvención municipal solicitada e das restantes subvencións **previstas non poderán exceder do cen por cen do presuposto total da actividade.**

A

Modificar o artigo 9º que quedará redactado como segue;

"9.1.-O Pleno do Concello, segundo as disponibilidades existentes, consignará no Presuposto de cada exercicio os importes correspondentes para atender ao programa anual de subvencións, distribuída segundo a planificación e definición de obxectivos fixados para o exercicio. Nas propias bases de execución do orzamento estableceranse aquelas subvencións nominativas, que se estime convinte otourgar polo sistema de concesión directa, para as que se poderán

C

establecer normas específicas, sempre dentro do marco da normativa reguladora das subvencións.”

O

SEGUNDO.- Abrir período de información pública por un prazo de 30 días, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas, sendo o acordo de aprobación inicial publicado no BOP e no tablón de anuncios do Concello.

P

TERCEIRO.- No suposto de non seren presentadas alegacións no prazo anteriormente indicado entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicándose dito acordo de aprobación definitiva, así como o texto íntegro da Ordenanza no BOP.”

I

O alcalde explica que se trata de modificacións que axilizan os trámites por parte dos beneficiarios das subvencións.

A

Aberto o turno de intervencións, tódolos voceiros mostran o seu apoio.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións, procedendo a variar a redacción dos seguintes artigos;

P

- Modificar o artigo 3, no seu apartado 3º, de xeito que quede redactado do seguinte xeito;

“Artigo 3.-O outorgamento de subvencións suxeitarase ás seguintes normas:

1.º.-Terá carácter voluntario e eventual, agás o disposto nesta Ordenanza.

Ú

2.º.-As subvencións concedidas non serán invocables como precedente.

3.º.-**Non excederán, en ningún caso, do cen por cen do custo da actividade á que se apliquen.**

B

4.º.-**Non é esixible o aumento ou revisión da subvención.**

L

Modificar o artigo 5º referido aos peticionarios, quedando coa seguinte redacción;

“Artigo 5.-Poderán solicitar subvencións:

I

a) As entidades e asociacións sen fins de lucro, domiciliadas no municipio de Vimianzo e tamén asociación ou agrupacións de vimianceses no exterior, **así como outras entidades previstas no artigo 11 da lei xeral de subvencións.**

C

b) As persoas físicas, en representación particular dun grupo para unha iniciativa de carácter esporádico, sen finalidade de lucro.

A

En ámbolos dous casos será requisito imprescindible non ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, así como estar os beneficiarios e mailos seus representantes ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello. “

Modificar o artigo 6º quedando coa seguinte redacción;

“Artigo 6.-Poderán ser obxecto de axuda ou subvención municipal as actividades programadas que teñan lugar durante o ano da súa petición no ámbito territorial do municipio, referentes ás seguintes áreas:



# Concello de Vimianzo

a) *Deportes: Gastos de organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte, preferentemente cando se trate de actos excepcionais, de gran transcendencia ou vinculados ás tradicións locais. Gastos de organización de actividades, incluso compra de material deportivo, para fomento da educación física e da práctica deportiva nos centros escolares.*

b) *Cultura: Actividades relacionadas co achegamento á comunidade das artes plásticas, literatura e teatro, música, divulgación das ciencias e demais manifestacións culturais ou artísticas, así como actividades de animación tendentes a fomentar a participación e creatividade e o mantemento das tradicións locais.*

c) *Servicios sociais: Prevención e loita contra as drogodependencias, axudas a situación de emerxencia social e actividades, en xeral, encamiñadas á promoción do benestar social.*

d) *Fomento e colaboración coa galeguidade de orixe vimiances no exterior*

e) *Aquelas outras que se especifiquen nas Bases de Execución do Orzamento "*

Modificar o artigo 8º, que queda redactado como segue;

*Artigo 8.-Nos supostos de actividades que se pretenda financiar con axuda municipal e doutras Administracións ou organismos públicos, a contía da suma da subvención municipal solicitada e das restantes subvencións previstas non poderán exceder do cen por cen do presuposto total da actividade.*

Modificar o artigo 9ª que quedará redactado como segue;

*"9.1.-O Pleno do Concello, segundo as disponibilidades existentes, consignará no Presuposto de cada exercicio os importes correspondentes para atender ao programa anual de subvencións, distribuída segundo a planificación e definición de obxectivos fixados para o exercicio. Nas propias bases de execución do orzamento estableceranse aquelas subvencións nominativas, que se estime convinte otourgar polo sistema de concesión directa, para as que se poderán establecer normas específicas, sempre dentro do marco da normativa reguladora das subvencións."*

SEGUNDO.- Abrir período de información pública por un prazo de 30 días, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas, sendo o acordo de aprobación inicial publicado no BOP e no tablón de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- No suposto de non seren presentadas alegacións no prazo anteriormente indicado entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicándose dito acordo de aprobación definitiva, así como o texto íntegro da Ordenanza no BOP.

**6. Declaración de non dispoñibilidade dos créditos aos que se refire o artigo 2 do RDLei 2/2012, do 13 de xullo.**

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, de data 20 de novembro de 2012:

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, por tres votos a favor de BNG e PSOE e dúas abstencións de IxV e PP, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Acordar a non dispoñibilidade dos créditos aos que se refire o artigo 2º do Real Decreto Lei 2/2012 de 13 de xullo, declarando os mesmos non susceptibles de utilización.

C

O Segundo.- A declaración de non dispoñibilidade non suporá a anulación do crédito, pero con cargo ao saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ao orzamento do exercizo seguinte.

P Terceiro.- As cantidades derivadas da supresión dos citados emolumentos serán destinados en exercizos futuros a realizar aportacións a plans de pensións ou contratos de seguros colectivos, nos termos e co alcance que se determinen nas correspondentes leis de orzamentos.”

I O alcalde dalle a palabra á interventora, que explica o contido da nota informativa do Ministerio de Facenda.

Non se producen intervencións.

O Sr. Soto Pérez abandona a sala de sesións antes da votación.

A Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por dez votos a favor, ningún voto en contra, e unha abstención do Sr. Soto Pérez (ex artigo 100.1 do ROF), acorda:

Primeiro.- Acordar a non dispoñibilidade dos créditos aos que se refire o artigo 2º do Real Decreto Lei 2/2012 de 13 de xullo, declarando os mesmos non susceptibles de utilización.

P Segundo.- A declaración de non dispoñibilidade non suporá a anulación do crédito, pero con cargo ao saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ao orzamento do exercizo seguinte.

U Terceiro.- As cantidades derivadas da supresión dos citados emolumentos serán destinados en exercizos futuros a realizar aportacións a plans de pensións ou contratos de seguros colectivos, nos termos e co alcance que se determinen nas correspondentes leis de orzamentos.

### **7. Aprobación definitiva do expediente de deslinde do cruceiro de Cheis.**

B De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, de data 20 de novembro de 2012:

L “(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por unanimidade dos seus membros presentes, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

I Primeiro.- Aprobación do deslinde do cruceiro de Cheis, de conformidade coas operacións de apeo recollidas na acta de data 08/10/2012 e o plano elaborado polo arquitecto municipal.

I Segundo.- Que se notifique persoalmente o presente acordo aos propietarios/as dos bens inmobles colindantes e aos titulares de dereitos reais afectados polo deslinde, acompañándose dunha certificación da acta de apeo do deslinde.

C Terceiro.- Que se proceda polos servizos municipais a realizar o amolloamento definitivo do deslinde, comunicando a data do mesmo a tódolos interesados.

A Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade de Corcubión, xuntando certificación da acta de apeo do deslinde, a efectos de que tome razón da incoación do expediente por medio de nota marxinal, no caso de que o inmovle no que se ubica o cruceiro de Cheis estea inscrito.”

O alcalde explica que se trata de rematar un procedemento que se iniciou fai un ano, necesario para a protección do cruceiro por parte de Patrimonio.



# Concello de Vimianzo

C

Durante a lectura do ditame entra de novo o Sr. Soto Pérez.

O

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

P

Primeiro.- Aprobar o deslinde do cruceiro de Cheis, de conformidade coas operacións de apeo recollidas na acta de data 08/10/2012 e o plano elaborado polo arquitecto municipal.

I

Segundo.- Que se notifique persoalmente o presente acordo aos propietarios/as dos bens inmobles colindantes e aos titulares de dereitos reais afectados polo deslinde, acompañándose dunha certificación da acta de apeo do deslinde.

A

Terceiro.- Que se proceda polos servizos municipais a realizar o amolloamento definitivo do deslinde, comunicando a data do mesmo a tódolos interesados.

A

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade de Corcubión, xuntando certificación da acta de apeo do deslinde, a efectos de que tome razón da incoación do expediente por medio de nota marxinal, no caso de que o inmovible no que se ubica o cruceiro de Sheis estea inscrito.

## 8. Rectificación de erros do acordo plenario de 26/09/2012 respecto da designación de festivos locais para o ano 2013.

P

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, de data 20 de novembro de 2012:

Ú

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por unanimidade dos seus membros presentes, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

B

Primeiro.- A rectificación do acordo plenario (punto cinco) adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 26 de setembro de 2012, no punto dispositivo primeiro, de xeito que onde di:

L

"(...) PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2013 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- luns, 12 de agosto (Festas do verán).

- **martes, 7 de febreiro (Antroido).**(...)"

I

Debe dicir:

C

"(...) PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2013 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- luns, 12 de agosto (Festas do verán).

- **martes, 12 de febreiro (Antroido).**(...)"

A

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- A rectificación do acordo plenario (punto cinco) adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 26 de setembro de 2012, no punto dispositivo primeiro, de xeito que onde di:

C

"(...) PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2013 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

O

- luns, 12 de agosto (Festas do verán).
- **martes, 7 de febreiro (Antroido)** (...).

P

Debe dicir:

"(...) PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2013 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

I

- luns, 12 de agosto (Festas do verán).
- **martes, 12 de febreiro (Antroido)** (...).

A

### 9. Asuntos de urxencia.

Non hai asuntos de urxencia.

### 10. Comunicados oficiais.

P

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria da conta, por orde de presentación dos escritos no Rexistro Xeral de Documentos do Concello, dos escritos presentados polos grupos políticos municipais respecto de varios asuntos:

U

• Escrito do Partido Popular de Vimianzo, de data 16 de outubro de 2012, presentado o 22 de outubro de 2012 (registro de entrada nº 7752), asinado polos concelleiros D. Pablo López Vázquez e D. Juan Carlos Amado Sambade, no que comunican a composición do grupo municipal do PP tras a dimisión de D.<sup>a</sup> Carmen F. Borbujo Martínez:

D  
D

- D. Pablo López Vázquez (portavoz titular)
- D. José Manuel Pérez Trillo
- D. Juan Carlos Amado Sambade (portavoz suplente)

L

O alcalde pregunta se asinan tódolos membros do grupo. Despois de ver o escrito, di que só asinan dous, e non D. José Manuel Pérez Trillo.

I

• Escrito do Partido Popular de Vimianzo, de data 16 de outubro de 2012, presentado o 22 de outubro de 2012 (registro de entrada nº 7753), asinado polos concelleiros D. Pablo López Vázquez e D. Juan Carlos Amado Sambade, no que comunican os representantes do grupo municipal do PP nas comisións informativas e órganos colexiados externos:

C

### COMISIONS INFORMATIVAS

A

- **Comisión Especial de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos**

Titular: Pablo López Vázquez

Suplente: Juan Carlos Amado Sambade

- **Comisión de Benestar Social e Promoción da Igualdade**

Titular: José Manuel Pérez Trillo

Suplente: Pablo López Vázquez

- **Comisión de Obras, Urbanismo, Medio Ambiente e Sostenibilidade**

Titular: Juan Carlos Amado Sambade





# Concello de Vimianzo

C

Suplente: Pablo López Vázquez

O

- Comisión de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais

Titular: Pablo López Vázquez

Suplente: Juan Carlos Amado Sambade

P

- Comisión de Movementsos Migratorios, Innovación e Emprego

Titular: Juan Carlos Amado Sambade

Suplente: Pablo López Vázquez

I

## ÓRGANOS COLEXIADOS EXTERNOS

A

- Consello Escolar das escolas unitarias de Cereixo e Carnés

Titular: Pablo López Vázquez

Suplente: Juan Carlos Amado Sambade

- Escola Infantil Municipal

Titular: José Manuel Pérez Trillo

Suplente: Juan Carlos Amado Sambade

P

- Mesa Local de Comercio (representante do concello)

Titular: Pablo López Vázquez

Suplente: Juan Carlos Amado Sambade

Ú

Manifesta o alcalde que hai un membro que non asina, coma no caso anterior.

B

• Escrito do BNG, de data 20 de novembro de 2012, presentado o 21 de novembro de 2012 (registro de entrada nº 8584), asinado polo voceiro D. Fernando Mancebo Amigo, no que comunica o nomeamento de M<sup>a</sup> Xosé Ramos Rey como suplente na Comisión de Obras, Urbanismo, Medio Ambiente e Sostenibilidade, en substitución de D. Anselmo Ramos Martínez.

O Pleno do Concello dase por informado.

L

## 11. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 29 de setembro de 2012, dende a resolución núm. 835, do 25/09/2012 ata a resolución núm. 1122, do 19/11/2012. O listado únese a esta acta como anexo I.

C

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria.

A

O Pleno da Corporación dase por informado.

## 12. Mocións.

O alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos municipais se teñen algunha moción. O voceiro do PSOE di que non teñen ningunha.

C

## 12. 1. Moción de IxV sobre o monte Tourado

O

O voceiro de IxV di que teñen unha moción verbal sobre o monte Tourado, a instancia dos veciños de Rasamonde. Comeza xustificando a urxencia: di que os veciños de Rasamonde e Cubes fixéronlle chegar hoxe unha documentación relativo ao monte Tourado, porque din que é veciñal e queren que se declare monte veciñal en man común. Quere que o concello poña os medios necesarios para que os veciños consigan esa declaración.

P

O alcalde considera que os termos da moción están claros, pero o escrito debe dirixirse ao Xurado Provincial de Montes, a instancia dos veciños, non pode promovelos o concello. O concello apoiará con informes esas declaracións, aínda que no Catastro figure a nome do concello. Plantexa un acordo de colaboración para que a moción teña utilidade. O alcalde sinala que sabe do tema porque estivo traballando cos veciños de Urroa nese tema. Propón que o acordo sexa colaborar cos veciños de Rasamonde para que o monte Tourado sexa declarado monte veciñal en man común.

I

A

O voceiro de IxV pide que o concello axude os veciños nos trámites, poñendo a súa disposición dos medios técnicos e xurídicos.

O Pleno ratifica a urxencia por unanimidade dos seus membros.

Sometida a votación a moción, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Comprometerse a colaborar cos veciños de Rasamonde e Cubes para que o monte Tourado sexa declarado monte veciñal en man común.

P

O alcalde pregunta se teñen algunha moción máis.

O voceiro do PP indica que tamén se dirixiron a el polo tema do monte,

O alcalde reconece que tamén falaron con el para asesorarse sobre o tema.

Ú

## 12.2. Moción do BNG sobre a derogación do incremento do IBI para o ano 2013 contemplado no Real Decreto-Lei 20/2011

B

O voceiro do BNG le a moción, presentada o 23 de novembro de 2012 (RE 8657), cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente a parte dispositiva:

L

*"(...) 1. Dirixirse ao goberno central e aos grupos parlamentarios no Congreso de Deputados para instalos a que derroguen o RDL 20/2011, de 30 de decembro, cando menos neste incremento previsto do IBI para o vindeiro ano 2013.*

I

*2. Dirixirse á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia para instalos a que promovan a derogación do RDL 20/2011, de 30 de decembro, cando menos neste incremento previsto do IBI para o vindeiro ano 2013."*

C

Considera que o concello está en condicións de renunciar a ese incremento do 20% previsto para o ano 2013 e ademais entenden que non está xustificado volver a aplicar un incremento no recibo da contribución.

O voceiro socialista di que están totalmente dacordo, outra cousa é que lles fagan caso.

A

Os voceiros de IxV e PP apoian a urxencia.

O alcalde declara a urxencia ratificada por asentimento.

Aberto o turno de intervencións respecto da moción, o Sr. Soto Pérez mostra o seu acordo co BNG neste asunto e comparte co voceiro nacionalista que os valores que se aplican no rural son totalmente desmesurados. Pero con independencia diso, empra a todos para abordar o tema e baixar os recibos dos veciños, buscando un sistema máis xusto.

O voceiro do PP di que tamén van votar a favor.



# Concello de Vimianzo

C

O alcalde entende aprobada a moción por asentimento, co compromiso -píde que conste en acta- de modificar os recibos do IBI no ámbito rural. Píde que o teñan en conta no departamento de Intervención para o vindeiro pleno ordinario.

O

## 13. Rogos e preguntas.

P

O alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos municipais se teñen algún rogo ou pregunta. O voceiro do PSOE di que ten dúas preguntas:

1ª. Pregunta se houbo algunha nova sobre a renovación do GRUMIR.

2ª. Pregunta se hai previsión por parte do concello de formar unha cuadrilla de limpeza.

I

O alcalde contesta:

- respecto da primeira pregunta, di que os traballadores do GRUMIR rematan o seu contrato o 10 de decembro. Sempre se di que vai ser o último ano, pero oficialmente non saben nada.

- respecto da segunda pregunta, o concello presentou solicitude dunha cuadrilla de limpeza por medio de fomento de emprego. A Consellería pasoulle os fondos á Deputación, que contratou unha cuadrilla pola súa conta, sen participación do concello no proceso de selección. Non quere entrar en polémicas porque entende que nestes tempos todo o que sexa crear postos de traballo debe ser benvido.

A

Pregunta o Sr. Miñones se ese persoal procede da bolsa de traballo do concello.

O alcalde repite que non, que o concello non tivo nada que ver con esta selección de persoal.

P

O voceiro de IxV ten tres rogos e unha pregunta:

1º. Píde que dende o concello se bote unha man á Asociación promotora do Asalto ao Castelo para acadar a declaración do evento como festa de interese turístico galego, poñendo á súa disposición os servizos municipais de cultura e os que sexan necesarios.

Ú

2º. Fai referencia a un erro detectado nunha acta da Xunta de Goberno Local respecto duns prazos, que non vai plantexar porque xa o aclarou antes da sesión coa secretaria municipal.

3º. Considera, polo que puido ver dos extractos das actas, que a limpeza do Castro das Barreiras se fixo por parte do concello antes de obter os permisos necesarios. Píde que a próxima vez se fagan as cousas ben.

B

4º. Pregunta cales foron as alegacións á declaración de utilidade pública do proxecto do monte Tourado.

O alcalde contesta:

L

- respecto do monte Tourado, dálle traslado dunha copia do escrito de alegacións.

- respecto da solicitude da asociación Cherinkas, di que contan con toda a colaboración do concello.

I

- respecto da limpeza do castro das Barreiras, afirma que o voceiro de IxV da por feito cousas que non son certas, dado que o concello conta con tódalas autorizacións. Fíxose tarde, de feito, porque o permiso chegou tarde. Señala que a pista de acceso ao dolmen da Casota (Berdoias) quedou sen limpar porque están agardando ao permiso de Patrimonio.

C

O voceiro do PP ten un rogo e unha pregunta:

1º. Rogo: queda por limpar a cuneta da pista que vai dende a casa do Prado ao muíño de Vicente, píde que se limpe.

A

2º. Pregunta por un problema dun veciño de Bamiro, que lle obrigan a tirar unha parede, segundo informa ese veciño, quere saber como está a acta de replanteo.

O alcalde contesta:

- respecto da pista, píde que esas peticións se fagan no momento, que non se agarde ao pleno, porque así pode arranxarse antes.

- respecto do muro de Bamiro, píde que concrete os datos, porque non sabe exactamente que lle está preguntando.

O voceiro do PP di que cando teña toda a información xa lla pasará ao alcalde.

C


O alcalde pide que veña con toda a información en lugar de chegar ao pleno e arroxar sospeitas sobre unha obra en Bamiro.

O

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e quince minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e catro de novembro de dous mil doce.

P


O ALCALDE



A SECRETARIA,



P  
Ú  
B  
L  
I  
C  
A



| Data Dec.  | Número | Descripción                                                                                                                        | Órgano de Gobierno |
|------------|--------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 25/09/2012 | 835    | Contrato menor para a prestación dos servizos de apertura, vixilancia e limpeza do Campo de fútbol de Vimianzo                     | 10 ALCALDIA        |
| 25/09/2012 | 836    | Solicitud de colaboración para a celebración das festas de Treos.                                                                  | 10 ALCALDIA        |
| 25/09/2012 | 837    | Solicitud de anulación da liquidación da taxa correspondente o enganche de auga.                                                   | 10 ALCALDIA        |
| 25/09/2012 | 838    | Alta no Padrón municipal de habitantes.                                                                                            | 10 ALCALDIA        |
| 25/09/2012 | 839    | Admisión no servizo de Escola Infantil Municipal no curso 2012/2013.                                                               | 10 ALCALDIA        |
| 26/09/2012 | 840    | Nomina salarios do persoal municipal do mes de setembro 2012.                                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 26/09/2012 | 841    | Alta no Padrón municipal de habitantes.                                                                                            | 10 ALCALDIA        |
| 26/09/2012 | 842    | Alta no Padrón municipal de habitantes.                                                                                            | 10 ALCALDIA        |
| 26/09/2012 | 843    | Anticipo nómina de Miguel Angel Hermida Carballo.                                                                                  | 10 ALCALDIA        |
| 26/09/2012 | 844    | Calificación urbanística da finca núm. 58, polígono 32 promovida por D. Manuel Villar Canosa.                                      | 10 ALCALDIA        |
| 26/09/2012 | 845    | Proposta de adjudicación da prestación do servizo de Asesoría xurídica, representación e defensa xudicial do Concello de Vimianzo. | 10 ALCALDIA        |
| 26/09/2012 | 846    | Proposta de adjudicación da obra Adaptación e reforma do edificio (POS Adicional 1/2011).                                          | 10 ALCALDIA        |
| 27/09/2012 | 847    | Cambio de titularidade dos recibos da taxa do lixo.                                                                                | 10 ALCALDIA        |
| 28/09/2012 | 848    | Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.                                                                              | 10 ALCALDIA        |
| 28/09/2012 | 849    | ANULADO POR ERRO.                                                                                                                  | 10 ALCALDIA        |
| 28/09/2012 | 850    | CONCESION PERMISO FESTAS DE TRES OS DIAS 28, 29 E 30 DE SETEMBRO DE 2012.                                                          | 10 ALCALDIA        |
| 28/09/2012 | 851    | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000095 promovido pola Comunidade de Monte Veciñal en Man Común de Cures e Cereixo.       | 10 ALCALDIA        |
| 29/09/2012 | 852    | APROBACIÓN CERTIFICACION FINAL FOTOVOLTAICOS APROBACION FACTURA CONTRATISTA RECOÑECIMIENTO E ORDENACION PAGO IMPORTE.              | 10 ALCALDIA        |
| 01/10/2012 | 853    | Alta no Padrón municipal de habitantes.                                                                                            | 10 ALCALDIA        |
| 01/10/2012 | 854    | Constitución e convocatoria da Mesa de Contratación para a licitación da obra de Saneamento na Casiña.                             | 10 ALCALDIA        |

Órgano de Gobierno

10 ALCALDIA

855 Constitución e convocatoria da Mesa de Contratación da

Obra de Canalización de verquidos á rede municipal de saneamento no núcleo de Vimianzo e instalación de minidepuradora en Baiñas.

10 ALCALDIA

856 Alta no Padrón municipal de habitantes.

10 ALCALDIA

857 Alta no Padrón municipal de habitantes.

10 ALCALDIA

858 Voda civil de D. Juan Ramos da Silva.

10 ALCALDIA

859 Voda civil de D.ª Sandra Castro Varela.

10 ALCALDIA

860 APROBACION DA FACTURA NUM. 06E129910000527754 DE BEVA RENTING SA CORRESPONDENTE AO ARRENDAMENTO NA MODALIDADE DE RENTING DE EQUIPAMENTO DE TELEFONIA PARA VARIOS EDIFICIOS DO CONCELLO DE VIMIANZO.

10 ALCALDIA

861 FACTURAS TELEFONOS MOVILES DO CONCELLO MES OUTUBRO-2012

10 ALCALDIA

862 xustificacion pago a xustificar 1/2012.

10 ALCALDIA

863 Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.

10 ALCALDIA

864 Inicio de procedementos sancionadores de tráfico.

10 ALCALDIA

865 Nóminas finiquito auxiliares interinas do SAF.

10 ALCALDIA

866 Alta no Padrón municipal de habitantes.

10 ALCALDIA

867 Baixa de cambio de país por incidencias contidas nos ficheiros H15092IA.812 e H15092IA.912.

10 ALCALDIA

868 Aprobación do Plan de Seguridade e Saude para a execución do proxecto de Mellora de firme e reforzo de pavimento en Cambeda, Moreira, Sanfins, Tines, Mouzo e Cures.

10 ALCALDIA

869 Aprobación do Plan de Seguridade e Saude para a execución da obra de Reposición de cuberta e consolidación de muros portantes na antiga escola de Padreiro.

10 ALCALDIA

870 Aprobación do Plan de Seguridade e Saude para a execución da obra de Parques infantís en terreos da escola unitaria de Treos e en Piñeiros. Depósito de Torelo.

10 ALCALDIA

871 Autorización de uso de local municipal, solicitado pola Asociación de Palilleiras As Nemanquiñas de Vimianzo.

10 ALCALDIA

872 Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.

10 ALCALDIA

873 Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000069 promovido por D.ª María Victoria Fernández Valiña.

10 ALCALDIA


874 Expediente licenza de obra núm. 2012/006/000049 promovido




Órgano de Gobierno

Número Descripción

|            |     |                                                                                                                                                                  |             |
|------------|-----|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| 04/10/2012 | 875 | do por D.ª María Díaz Lema.<br>Expediente licenza de obra núm. 2012/006/000054 promovido por D.ª María Angeles Mira Rojo.                                        | 10 ALCALDIA |
| 04/10/2012 | 876 | Expediente licenza de obra núm. 2012/006/000061 promovido por D. Manuel Ordoñez Parga.                                                                           | 10 ALCALDIA |
| 04/10/2012 | 877 | Alta no Padrón municipal de habitantes.                                                                                                                          | 10 ALCALDIA |
| 04/10/2012 | 878 | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000078 promovido por D. José Antonio Suárez Graña.                                                                     | 10 ALCALDIA |
| 04/10/2012 | 879 | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000082 promovido por D. Antonio Rodríguez Gerpe.                                                                       | 10 ALCALDIA |
| 04/10/2012 | 880 | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000084 promovido por D. Juan Manuel Paz Grillo.                                                                        | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 881 | APROBACION DE GASTO POR COTIZACIONES DE MUFACE E COTAS D E CLASES PASIVAS MES SETEMBRO/2012 DO ALCALDE D. MANUEL ANTELO PAZOS..                                  | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 882 | Concesión de praza na vivenda comunitaria municipal.                                                                                                             | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 883 | Solicitud de autorización para uso de instalacións deportivas municipais, presentada por FISOBER, F.S.F..                                                        | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 884 | Solicitud de autorización de uso de instalacións deportivas municipais, presentada por D. Manuel Quintáns Campos..                                               | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 885 | Solicitud de autorización para uso de instalacións deportivas municipais, presentada por D.Carlos Oscar Gómez Fernández..                                        | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 886 | Solicitud de autorización para uso de instalacións deportivas municipais, presentada por D.Daniel Celestino Martínez Mouzo..                                     | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 887 | Autorización para uso de instalacións deportivas municipais, presentada por Dª María Elena Agulleiro Canosa..                                                    | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 888 | Suspensión do expediente de contratación da obra Canalización de verquidos á rede de saneamento no núcleo de Viniánzo e instalación de minidepuradora en Baíñas. | 10 ALCALDIA |
| 05/10/2012 | 889 | Adjudicación a prestación do servizo de Asesoría xurídica, representación e defensa xudicial do Concello de Viniánzo..                                           | 10 ALCALDIA |
| 08/10/2012 | 890 | Concesión do servizo de comedor sobre rodas municipal.                                                                                                           | 10 ALCALDIA |




| Data Dec.  | Número | Descripción                                                                                                                                                                                                  | Órgano de Gobierno |
|------------|--------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 08/10/2012 | 891    | APROBACION DE GASTOS CORRESPONDENTE AOS PAGOS PERIODICO S MES DE SETEMBRO-2012.                                                                                                                              | 10 ALCALDIA        |
| 08/10/2012 | 892    | APROBACIÓN DE GASTOS CORRESPONDENTE Á LIQUIDACION DE XU ROS E AMORTIZACIÓN DO PRÉSTAMO FORMALIZADO NA ENTIDADE CAIXABANK SA.                                                                                 | 10 ALCALDIA        |
| 08/10/2012 | 893    | Rectificación de erros no prego de cláusulas administra tivas particulares que rexen a contratación da obra Can alización de verquidos á rede de saneamento no núcleo d e Vuimianzo e instalación de minide. | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 894    | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000067 promov ido por D.ª Isabel Insua Riveiro.                                                                                                                    | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 895    | Alta no Padrón municipal de habitantes.                                                                                                                                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 896    | Alta no Padrón municipal de habitantes.                                                                                                                                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 897    | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000068 promov ido por D. Manuel Ameijenda Souto.                                                                                                                   | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 898    | Solicitude de baixa dun recibo da taxa pola recollida d o lixo por duplicidade.                                                                                                                              | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 899    | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000092 promov ido por D. Fermin Cundíns Gómez.                                                                                                                     | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 900    | Solicitude de baixa dun recibo da taxa pola recollida d o lixo por duplicidade.                                                                                                                              | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 901    | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000093 promov ido por D. Manuel Pérez Fidalgo.                                                                                                                     | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 902    | Aprobación do padrón fiscal dos usuarios do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), correspondente a setembro de 2012                                                                                               | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 903    | Autorización para uso de local municipal, presentada po la Xefa do Distrito Forestal V.                                                                                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 904    | Modificación de datos persoais no padrón municipal de h abitantes.                                                                                                                                           | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 905    | Cambio de titularidade dos recibos da taxa do lixo.                                                                                                                                                          | 10 ALCALDIA        |
| 09/10/2012 | 906    | Adjudicación do contrato da obra de Adaptación e reform a de soto no edificio (POS Adicional 1/2011).                                                                                                        | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 907    | Alta no Padrón municipal de habitantes.                                                                                                                                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 908    | Solicitude da concelleira D.ª Mónica Rodríguez, de IxV, de acceso ao expediente de ampliación do cemiterio de                                                                                                | 10 ALCALDIA        |






Órgano de Gobierno

| Data Dec.  | Número | Descripción                                                                                                                                | Órgano de Gobierno |
|------------|--------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 10/10/2012 | 909    | Castro-Salto..<br>Solicitude da concelleira D <sup>a</sup> . Mónica Rodríguez, de IxV, de acceso a facturas e decretos.                    | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 910    | APROBACION DE GASTOS.                                                                                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 911    | Cambio de titularidade dos recibos da taxa do lixo.                                                                                        | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 912    | Solicitude de baixa dun recibo da taxa pola recollida d o lixo.                                                                            | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 913    | Requirimento para que se proceda á limpeza dunha finca no lugar de Castrómil, Salto.                                                       | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 914    | Contrato menor para a prestación do servizo de Baile Social.                                                                               | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 915    | Solicitude de colaboración para a organización da III Frikifesta, presentada por D.Luis Miguel Antelo Lema..                               | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 916    | Expediente licenza de obra núm. 2012/U009/000074 promovido por D. Lucio Martínez Vidal.                                                    | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 917    | Renuncia de praza na vivenda comunitaria municipal de Vimianzo.                                                                            | 10 ALCALDIA        |
| 10/10/2012 | 918    | Baixa no servizo de axuda no fogar municipal (SAF).                                                                                        | 10 ALCALDIA        |
| 11/10/2012 | 919    | Baixas de cambio de municipio e defuncións do ficheiro H15092IA.012.                                                                       | 10 ALCALDIA        |
| 11/10/2012 | 920    | Renovación da tarxeta de estacionamento municipal.                                                                                         | 10 ALCALDIA        |
| 11/10/2012 | 921    | Proposta de adjudicación da obra de Saneamento na Casiña, incluída no POS 2012.                                                            | 10 ALCALDIA        |
| 11/10/2012 | 922    | Concesión do servizo de axuda no fogar (SAF).                                                                                              | 10 ALCALDIA        |
| 11/10/2012 | 923    | RECOÑECIMENTO OBRIGA PAGO A VOLUNTARIOS.                                                                                                   | 10 ALCALDIA        |
| 11/10/2012 | 924    | Modificacións en inscricións de habitantes referentes a incidencia 140 do ficheiro H15092IA.012.                                           | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 925    | Cambio de enderezo no Padrón municipal de habitantes.                                                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 926    | APROBACION DA FRA. RGE00003059395 TELEFONO MOVIL NUM. 606651440 POR IMPORTE DE 165,65 EUROS DO PERIODO 01/09/12-30/09/12.                  | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 927    | Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093B501021300000JA promovida pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 928    | Calificación urbanística da finca con referencia catastral 7329001MH9772N0001IM promovida pola Consellería de                              | 10 ALCALDIA        |




Órgano de Gobierno

| Data Dec.  | Número | Descripción                                                                                                                                                                | Órgano de Gobierno |
|------------|--------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 15/10/2012 | 929    | Facenda da Xunta de Galicia.<br>Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093B501031780001KL promovido pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 930    | Enganche de auga para unha vivenda promovido por D. Alberto Castiñeira Castiñeira.                                                                                         | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 931    | Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093B501031810001KL promovida pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.                                 | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 932    | Cambio de titularidade dos recibos da taxa de auga.                                                                                                                        | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 933    | Calificación urbanística da finca con referencia catastral 15093A002008260000QS promovida por D. José Méndez Soneira.                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 934    | Calificación urbanística da finca con referencia catastral 0024011MH97G0001WQ, promovida por D.ª Mercedes Lema Pérez.                                                      | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 935    | Informe onde se acredite que a finca nomeada "Campo da Feira" situada en Bamiro atópase no municipio de Vimiánzo.                                                          | 10 ALCALDIA        |
| 15/10/2012 | 936    | Calificación urbanística da finca núm. 72, polígono 507, promovida por D. José Antonio Hermida Canosa.                                                                     | 10 ALCALDIA        |
